

TÁBOA REIVINDICATIVA

COLECTIVOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS (coidados, formación e protección) NOS ÁMBITOS DA PÚBLICA E DA PRIVADA DOS SERVIZOS SOCIAIS DA XUNTA DE GALIZA: CONSELLARIA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL.

POLA DIGNIDADE NA GALIZA NOS SECTORES DA DISCAPACIDADE, MENORES, INFANTIL 0-3, SAF, MAIORES E DEPENDENCIA

SECTOR DE DISCAPACIDADE

Reivindicacións comúns ámbito público e privado:

- Baixada das ratios, tanto na idade escolar coma adulta, por unha atención de calidade.
- Maior dotación de recursos humanos e materiais, para unha integración real.
- Máis profesionais especializados na atención directa (terapeutas, fisios, educadoras,...).
- Dignificación salarial: garantindo IPC futuro e recuperando o poder adquisitivo perdido.
- Incremento dos centros públicos e por especialidades, evitando centros aparcadoiro e macrocentros con toda diversidade de usuarios.
- Cómputo diferenciado da ratio para o persoal de atención directa en todas as quendas de traballo, suprimindo o actual sistema de cómputo global que desatende situacións como por exemplo, as quendas de noite ou de fin de semana.

Reivindicacións específicas do ámbito privado:

- A aplicación inmediata, e con mellora, dos incrementos salariais recollidos no XVI Convenio Estatal por parte da administración, que agora mesmo están a asumir as Asociacións.
- Constitución dunha Mesa tripartita (administración, sindicatos e patronais) coa finalidade de dignificar os salarios coa negociación dun Complemento salarial autonómico, así como melloras laborais e sociais que camiñen cara un convenio digno e xusto do sector na Galiza.

Reivindicacións específicas do ámbito público:

EVO (Equipo Valoración e Orientación - discapacidade):

- Redución de ratios e ampliación do cadro de persoal
- Adecuación dos espazos: Son moi reducidos, falta intimidade.

SECTOR DE MENORES:

Reivindicacións comúns ámbito público e privado:

- A negociación inmediata do DECRETO 329/2005, do 28 de xullo, por obsoleto e camiño dunha baixada de ratios axustada a realidade e necesidades dos centros, dotándoos de máis persoal especializado, que melloren a calidade na atención aos menores; así como unha actualización da clasificación dos centros de menores por tipoloxías, claramente definidos.
- A dotación urxente de máis recursos humanos e materiais, así como a mellora das instalacións en todos os centros, garantindo a seguridade e coidado tanto para o persoal traballador como para os menores.
- A Dignificación salarial: garantindo IPC futuro e recuperando o poder adquisitivo perdido.
- O incremento dos centros públicos e por tipoloxías, respectando a definición de cada tipo de centro e o perfil dos usuarios e usuarias axeitado a cada un deles.
- Formación específica e periódica para a actualización de profesionais dos centros de menores.
- A formación (100h./ano) e o tempo de programación didáctica (5h./semana) dentro da xornada laboral, imprescindibles para unha atención educativa á infancia de calidade

Reivindicacións específicas do ámbito privado:

- Que se cumpra coa totalidade do pago por parte da administración ás Asociacións e estas, coa aplicación inmediata a todo o persoal traballador desde a publicación no BOE do “acordo retributivo equiparador autonómico galego”, recentemente asinado pola parte social e patronal do sector de menores, para así cobrar as táboas salariais aprobadas no V Convenio Estatal, sen agardar a que se adxudiquen novos concursos, contratos ou concertos, ou ate setembro de 2029 como di o convenio.
- O recoñecemento dun complemento salarial autonómico, previa constitución dunha Mesa tripartita galega, que mellore e dignifique salarios actuais do V convenio e camiñe cara á homologación salarial nas mesmas categorías entre o persoal que está nos distintos tipos de centros, sen ter que esperar a setembro de 2029 para dita homologación. Negociación doutras melloras laborais e sociais que camiñen cara un convenio digno e xusto do sector na Galiza.

Reivindicacións específicas do ámbito público

- O recoñecemento de autoridade pública a todo o persoal técnico, tanto do centro coma das equipas, dotando o servizo de apoios precisos polo medre das actividades extraescolares. Nas equipas do menor:
 - Protección física e xurídica no exercicio das súas funcións.
 - Ampliación dos cadros de persoal pola sobrecarga de expedientes
- No persoal propio da Consellaría de Educación:
- Persoal auxiliar coidador dos centros de ensino: Aprobar un acordo que recolla as funcións e condicións dos seus postos de traballo. Este persoal ten dereito a exercer nos seus centros de traballo unha serie de funcións que se están reguladas baixo un acordo, non produciría diferenzas dun centro a outro.
 - Centros de Educación Especial con persoal acaído como poden ser educadores/as sociais e Persoal auxiliar coidador.

SECTOR 1º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (0-3)

Reivindicacións comúns ámbito público e privado:

- O primeiro ciclo de Educación Infantil debe encadrarse na Consellería de Educación da Xunta de Galiza. Resulta incoherente que unha etapa recoñecida pola lexislación como educativa continúe fóra da estrutura educativa ordinaria.
- A dotación da parella educativa e de máis recursos materiais nas escolas.
- Un calendario escolar para as escolas infantís que garanta a conciliación familiar, entendida non só como a compatibilidade entre o traballo e o coidado, senón tamén como o dereito das familias a compartir tempo de calidade coas súas crianzas.
- A negociación inmediata do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, por obsoleto e camiño dunha baixada de ratios axustada a realidade dos centros e a orde da carta social Europea.
- A formación (100h./ano) e o tempo de programación didáctica (5h./semana) dentro da xornada laboral, imprescindibles para unha atención educativa á infancia de calidade.
- A promoción da lingua propia da Galiza nas escolas infantís, que garanta a aprendizaxe e a inmersión lingüística para a cativada nesta etapa de adquisición da fala.
- O recoñecemento do risco biolóxico para o embarazo para todas as traballadoras do 0/3 e dalas en suspensión de contrato por risco dende o momento que comunican o embarazo (sentenza Consorcio).
- A Dignificación salarial: garantindo IPC futuro e recuperando o poder adquisitivo perdido.

Reivindicacións específicas do ámbito privado:

- A unificación das táboas salariais do XIII Convenio estatal, en base á gratuidade da Xunta para todo o sector, confluindo todas as táboas nas tipo A) de Xestión Indirecta.
- A creación dunha Mesa tripartita galega para traballar no recoñecemento dun complemento salarial autonómico, que dignifique salarios, así como melloras laborais e sociais que camiñen cara un convenio digno e xusto do sector na Galiza.

***SECTOR PÚBLICO E PRIVADO DE RESIDENCIAS, CENTROS DE DÍA,
CENTROS DE NOITE, VIVENDAS TUTELADAS E FOGARES
RESIDENCIAIS:***

- Equiparación coas condicións laborais e salariais do sector público.
- Protocolos de seguridade ante violencia de igual forma que hai no sector público.
- Dotación de recursos e persoal con formación necesaria para a atención á diversidade e adaptadas a tipoloxía e ou patoloxías das persoas usuarias, coa finalidade de garantir a protección dos dereitos das persoas usuarias así como a seguridade das persoas traballadoras.
- Cómputo diferenciado da ratio para o persoal de atención directa en todas as quendas de traballo, suprimindo o actual sistema de cómputo global de desatende situacións como por exemplo, as quendas de noite ou de fin de semana.

SECTOR SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Debido a disparidade nas condicións laborais entre o privado e o público ao seren de ámbito municipal, débense equiparar as condicións entre ambos en materia salarial, de xornada e demais condicións sociais.

Dado que o convenio galego do sector está en situación de ultra-vixencia dende o 31 de decembro de 2011 unicamente con revisión salarial anual do IPC, débese negociar o mesmo no camiño da conversión ao sector público de competencia autonómica, cara a súa integración na rede galega do servizo de atención as persoas.

O persoal auxiliar reclama ás administracións a dignificación do Sector.

- Equiparación salarial ao grupo C2 da Xunta de Galiza en función da titulación requirida.
- Recoñecemento de todas as horas traballadas (incluíndo dentro da xornada os desprazamentos entre domicilios para o persoal da administración pública).
- Garantir que a contratación a tempo parcial sexa sempre a xornada continua e cun mínimo de 30 horas semanais.
- Maior estabilidade, cobertura tanto de vacantes como das baixas.
- Garantir o exercicio efectivo de permisos e vacacións.
- Adopción de protocolos de seguridade laboral fronte os riscos de violencia nos domicilios.

CONCLUSIÓNS

As organizacións sindicais acordamos que a prioridade debe ser mellorar as condicións laborais, sociais e salariais dos distintos sectores mediante negociación colectiva, abrindo o Marco Galego de Relacións Laborais no ámbito privado a través do Consello Galego de Relacións Laborais (mesas tripartitas), así como no ámbito público abrir as mesas de negociación coa Dirección Xeral de Función Pública no camiño de acadar acordos con melloras significativas e convenios dignos e xustos na Galiza.

A Xunta de Galicia é a responsable de que hoxe esteamos na rúa. Co seu menosprezo e a súa negativa a negociar non nos vai levar a dar un paso atrás na defensa da mellora das nosas condicións laborais e salariais: da baixada das ratios, da redución da carga de traballo, dotación de máis persoal e especializado, na obtención de salarios dignos e xustos,....

Se a Consellaría de Política Social non abre unha vía de diálogo real e non dá pasos para dignificar os servizos sociais na Galiza, o conflito non fará máis que medrar, non descartando xornadas de folga en todos os centros de traballo dos distintos sectores aquí mencionadas.

Pola dignidade laboral!

Polo futuro dos servizos públicos e de calidade na Galiza!

**Por un Sistema Público Galego de Servizos de Atención e
Protección para ás Persoas**